

DILIXENCIA que se estende para facer constar que este prego foi aprobado en virtude da Resolución da alcaldía número 2025-823 do 09.06.2025

Boiro, na data que consta na marxe deste documento.

A secretaria municipal, Ángela Viqueira Allo

Expediente 2205/2025

PREGO DE CONDICIÓNS QUE REXERÁN A LICITACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS PARA O USO TEMPORAL DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS FEIRAIS E POSTOS NO CONCELLO DE BOIRO CO GALLO DAS FESTAS DE VERÁN 2025.

1.-OBJECTO, NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

1.1 O obxecto deste prego é regular o outorgamento de autorizacións para a instalación de atraccións mecánicas (tipo norias, coches eléctricos etc), tómbolas e xogos de azar, postos de venda de comida e/ou bebidas, roupa, complementos, bixutería, marroquinería, música, artesanía e similares nas zonas indicadas neste prego, durante as festas de verán do Concello de Boiro do ano 2025

1.2 A ocupación de dominio público municipal con tal motivo ten a natureza xurídica de uso común especial de bens de dominio público, conforme ao establecido no artigo 75.1 b) do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de Bens das Entidades Locais. En consecuencia, este uso está suxeito a autorización municipal, que debe concederse de acordo co disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, previa licitación cando, como neste caso, se limite o número delas.

1.3 O outorgamento da autorización realízase a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e con total sometemento ás condicións deste prego.

1.4. Os espazos susceptibles de ser ocupados son os identificados no ANEXO I deste prego, así como na planimetría que se lle une.

2.-MODALIDADE E CANON

2.1 As prestacións económicas que as persoas titulares das autorizacións para a ocupación do terreo público estean obrigadas a satisfacer, constitúen unha contraprestación económica que ten por obxecto compensar ao concello polo aproveitamento especial de dominio público por parte das persoas beneficiarias da autorización, así como pola prestación dos servizos municipais inherentes a este tipo de utilización.

2.2 Dado o carácter específico e consuetudinario destas festas, e a especialidade desta ocupación do dominio público, na determinación do importe, os prezos de saída e colocación serán os se recollen neste prego.

2.3 Conforme dispoñen os artigos 20.1.a) e 24.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, as prestacións económicas que satisfagan os particulares polo aproveitamento especial de dominio público local terán a consideración de taxas. Cando se utilicen procedementos de licitación pública, como este caso, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaía a autorización.



3.-DURACIÓN DA OCUPACIÓN

3.1 As autorizacións que se adxudiquen refírense exclusivamente aos períodos nos que se celebren as festas do verán 2025, non adquirindo ningún dereito sobre o terreo para a celebración doutras festas ou para exercicios posteriores ao ano 2025

3.2 A persoa adxudicataria abandonará e deixará libres e baleiros a disposición do Concello ao final do prazo os bens obxecto de ocupación. No caso contrario o Concello ten a potestade de acordar e executar de por si o lanzamento, sen prexuízo das infraccións que cometera a persoa adxudicataria e das posibles sancións que se lle puideran impor.

3.3 En todo caso respectaranse as instrucións impartidas polo Concello, que poderá por razóns de seguridade ou interese público introducir variacións ou límites no desenvolvemento das actividades por parte da persoa adxudicataria.

4.-MONTAXE E RETIRADA DAS INSTALACIÓNS

Con carácter xeral as instalacións poderán iniciar a montaxe o 1 de xullo a partir das 16:00 horas, e comezarán a súa actividade o 4 de xullo de 2025 ás 18:00 ata a madrugada do día 9 ao día 10 de xullo de 2025.

No caso de que desexen permanecer ata o 10 de xullo inclusive, o denominado “día do/da neno/a”, imponse como condición complementaria que as atraccións teñan un custo do 50% do custo correspondente ao período que vai do 04/07/2025 ata o 09/07/2025.

A retirada producirase nos 2 días seguintes ao 09 de xullo de 2025, de tal xeito que ás 24:00 horas do día 11 de xullo o dominio público atoparase expedito de calquera ocupación e en condicións óptimas.

5.-DOCUMENTACIÓN E PROPOSICIÓNS A PRESENTAR POLAS PERSOAS LICITADORAS

5.1. As ofertas das persoas licitadoras deberán axustarse ao previsto neste prego de condicións e a súa presentación suporá a aceptación incondicional da totalidade de ditas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva ningunha.

As persoas licitadoras presentarán unha instancia segundo o modelo contido no ANEXO II.

Coa solicitude de participación na licitación deberá presentarse tamén toda a documentación prevista no modelo de instancia.

A non presentación da totalidade desta documentación impedirá a adxudicación de ningunha autorización para instalación de posto e/ou atracción.

5.2. Xunto coa solicitude correspondente presentarse tamén a oferta económica segundo o modelo contido no ANEXO III que irá dentro dun sobre pechado e asinado pola persoa licitadora ou persoa que o represente e no seu exterior deberá figurar:

- i. Nome ou razón social do licitador.
- ii. NIF ou CIF do licitador.
- iii. Enderezo postal do licitador.
- iv. Número de teléfono do licitador.
- v. O número de posto ou postos consecutivos para os que se licita.
- vi. O título do procedemento: "**LICITACIÓN DE POSTOS DAS FESTAS DE VERÁN 2025**".

A falla dalgún dos datos exteriores neste sobre implicará a súa inadmisión a trámite e procederase á súa devolución. De non constar enderezo postal procederase ao seu arquivo a disposición da persoa interesada que o presentara.



No suposto de optar á adxudicación de varias parcelas non consecutivas, a persoa licitadora deberá presentar tantos sobres de oferta económica como parcelas ás que opta, debendo presentar cada un deles cunha solicitude distinta e coa documentación que lle resulte necesaria.

Para o caso de optar por postos consecutivos deberase recoller o importe individualizado por cada un dos postos así como a suma total de todos os postos solicitados.

6.-PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Boiro, sito na praza de Galicia s/n, 15930, Boiro, no prazo de **SETE (7) DÍAS NATURAIS** contados entre o **10.06.2025 e o 16.06.2025, ambos incluídos**.

Para darlle difusión a esta licitación publicaranse anuncios no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, así como no xornal La Voz de Galicia.

Cando as proposicións se envíen por correo, a persoa licitadora deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano convocante a remisión da oferta a través da sede electrónica do Concello (<https://boiro.sedelectronica.gal/>) ou mediante correo electrónico a contratacion@boiro.gal ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida con posterioridade á data de remate do prazo.

Debido as especiais características da licitación (de xeito sinalado a necesidade de presentar un sobre pechado coa oferta económica) non se permite a presentación de ofertas vía telemática (ben sexa accedendo á sede electrónica do concello como presentando a documentación noutro rexistro público para a súa remisión vía SIR ou sistema equivalente).

7.-PAGAMENTO DAS TAXAS

O prezo de adxudicación/taxa correspondente ás parcelas adxudicadas ingresarase co documento de pago que facilitará o concello unha vez feita a proposta de adxudicación por parte da Mesa de Contratación.

Este ingreso deberá realizarse no prazo máximo de **TRES (3) DÍAS NATURAIS** contados desde a publicación da proposta de adxudicación e sempre **ANTES DA COLOCACIÓN OU INSTALACIÓN DA ACTIVIDADE E OU ATRACCIÓN**.

No suposto de que a persoa adxudicataria non realizara este pagamento no prazo sinalado declararase extinguida a autorización e procederase á adxudicación a persoa licitadora coa seguinte oferta máis vantaxosa economicamente.

8.-CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Cada unha das parcelas será adxudicada mediante resolución da alcaldía ou órgano en quen delegue, á persoa licitadora que ofrezca o prezo máis alto sobre o tipo de licitación que consta nos anexos deste prego, ou no caso en que se soliciten postos consecutivos, indicará o importe individualizado por cada un dos postos así como a suma total dos todos os postos que se solicitan.

Sen prexuízo do anterior, sempre que os prezos ofertados cumpran o mínimo fixado nos pregos, terán preferencia na adxudicación de postos aquelas persoas que soliciten **varios postos consecutivos** sobre aquelas que soliciten un deles de xeito individual.

No suposto de empate entre dúas ou máis ofertas por parcela resolverase por sorteo.

Aquelas proposicións que oferten un prezo por debaixo do tipo de licitación serán rexeitadas.

A adxudicación realizarase mediante resolución motivada que se notificará ás persoas licitadoras e publicarase no taboleiro de anuncios e no perfil de contratante.



9.-PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.

9.1. As ofertas serán segredas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento no que deba procederse á súa apertura.

Rematado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación procederá, en acto público, á apertura dos sobres que conteñan as ofertas económicas.

Rematado o acto público, ordenarase por orde decrecente as ofertas e a Mesa formulará proposta de adxudicación a favor da persoa licitadora que ofertase o prezo máis alto.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, fose inferior ao orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da oferta, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada en resolución motivada.

9.2. O órgano convocante terá alternativamente a facultade de adxudicar o posto á proposición máis vantaxosa economicamente ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios que figuran no presente prego.

9.3. A Mesa de Contratación terá a seguinte composición:

Presidente: O concelleiro delegado de contratación.

Vogais: Emilio Piña Ordiz, arquitecto municipal.

María López Docampo, interventora municipal.

Ángela Viqueira Allo, secretario municipal.

Secretario/a: Un/Unha funcionario/a municipal.

A data de apertura das diferentes ofertas será anunciada polo concello.

10.-POSTOS VACANTES

Unha vez realizada a adxudicación dos postos, crearase unha listaxe de agarda por cada posto coas ofertas existentes que non resultaran adxudicatarias, ordenadas de maior a menor importe. Deste xeito, se unha vez rematado o proceso de licitación quedaran postos vacantes, poderanse adxudicar aos candidatos que quedaran nestas listas.

No entanto, se unha vez rematado o proceso, aínda quedaran postos vacantes, poderán ser adxudicados ao tipo a aqueles que acheguen a súa petición co modelo establecido.

11.-EFECTIVIDADE DAS AUTORIZACIÓNS

11.1 A efectividade das autorizacións que se outorguen queda sometida ao cumprimento de todos e cada un do requisitos previstos neste prego, quedando sen efecto se se incumprira calquera deles.

11.2 Tamén quedarán condicionadas ao abono da taxa e á presentación de canta documentación se exixa no acordo de adxudicación.

11.3 O outorgamento da autorización realízase e entenderase feito sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e con total sometemento ás condicións deste



prego.

11.4 A autorización é só e exclusivamente para as instalacións concretas que se indiquen e non poderá ocupar de ningún xeito máis superficie da indicada para cada posto nos Anexos deste prego, salvo no caso de postos consecutivos onde a ocupación respectará os accesos a vivendas, garaxes, locais, edificios e institucións.

11.5 As autorizacións que se concedan non son transmisibles, polo que a actividade para a cal se outorguen deberá ser desenvolta polo seu titular ou persoal contratado por el.

12.-FACULTADE DE REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN

O Concello de Boiro poderá revogar unilateralmente a autorización concedida en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando aquela resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

13.-INSPECCIÓN E RETIRADA DA AUTORIZACIÓN

Os servizos municipais poderán realizar inspeccións periódicas co obxecto de comprobar o cumprimento das condicións da autorización outorgada, as condicións técnicas e de seguridade dos aparellos instalados e a limpeza e hixiene das instalacións.

O Concello deixará sen efecto a licenza outorgada en caso de incumprimento das condicións da autorización ou da normativa aplicable á instalación autorizada.

14.-OBRIGAS DAS PERSOAS ADXUDICATARIAS

14.1 As persoas adxudicatarias das autorizacións terán as seguintes obrigas, sen prexuízo doutras que se recollan neste prego:

- a) Quedan obrigadas ao cumprimento deste prego e das disposicións que lles afecten en materia laboral e da Seguridade Social, seguridade e saúde no traballo e prevención de riscos laborais, tributaria, policía sanitaria, policía de espectáculos e actividades recreativas, comercia e calquera outra normativa que resulte aplicable.
- b) Deberán respectar a superficie, situación e delimitación do posto adxudicado, tal e como se especifica nos anexos deste prego, indicados no acordo de adxudicación e polo persoal municipal encargado da supervisión da montaxe dos postos.
- c) Deberán manter limpas e en bo estado de conservación durante a utilización as zonas outorgadas e espazos libres da súa contorna, debendo de aboar noutro caso o importe dos danos e prexuízos que causara.
- d) O espazo outorgado deberá destinarse única e exclusivamente para a actividade autorizada e será utilizado pola persoa titular da autorización. Así, queda prohibido dividir o espazo ou ceder o dereito de uso con ou sen prezo. En ningún caso poderá A persoa adxudicataria transmitir a outra persoa a autorización outorgada, nin variar a actividade autorizada.
- e) Deberán levantar a instalación ao finalizar o período autorizado, debendo deixar libre e a disposición do Concello os bens obxecto de utilización, podendo o Concello, en caso contrario, acordar e executar de por si o lanzamento.
- f) Deberán tomar as medidas previsoras necesarias para que a maior afluencia de persoas non cause detrimento nas árbores e mobiliario urbano. Non poderán empregar as árbores como punto de referencia para enganchar as mangueras eléctricas ou outras conexións, nin facer escavacións arredor delas.
- g) Facilitarlle en todo momento ao Concello, e ás persoas que este nomee o libre acceso ás



instalacións, para que poidan inspeccionalas. O autorizado, a tal efecto, prestará os auxilios necesarios, acatará as ordes da autoridade e os seus axentes e terán a súa disposición o documento acreditativo da adxudicación, así como a documentación propia da instalación.

- h) Aboar a taxa no prazo establecido.
- i) O primeiro día das festas deberán estar montadas as atraccións feirais. A partires dese día o Concello non garante o acceso á parcela adxudicada, e no caso de que non puidera acceder a persoa adxudicataria a ela, sen molestar ás xa instaladas, perderá automaticamente os dereitos á ocupación dos terreos adxudicados, así como á devolución das cantidades satisfeitas na adxudicación e sen ningún tipo de indemnización.
- j) Para o inicio da montaxe as persoas adxudicatarias deberán presentar o xustificante de ingreso da taxa e o proxecto cando sexa preciso en función do tipo de atracción.
- k) Deberán permanecer libres de obstáculos e garantidos en todo momento os accesos aos inmobles e garaxes da zona.
- l) Todas as instalacións deberán expoñer á vista do público os prezos que rexan no seu negocio. Os prezos non poderán sufrir ningunha alteración durante os días de duración das festas (salvo a redución disposta para o denominado “Día do neno”).
- m) Deberán manter perfectamente conservados todo o mobiliario urbano existente na zona (puntos de luz, bancos, papeleiras, fontes, bordes perimetrais etc).
- n) Estar ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, coa AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria), coa ATRIGA (Axencia Tributaria de Galicia) e co Concello de Boiro.

14.2 As persoas adxudicatarias de postos destinados á venda de alimentos e bebidas, así como aqueles que, aínda non tendo como obxecto principal a venda de alimentos e bebidas, inclúan este servizo, quedarán obrigados ademais a cumprir as disposicións vixentes en materia de sanitaria e, en particular as seguintes:

- a) Estar en posesión do carné de manipulador/a de alimentos
- b) Dispor de auga corrente no mostrador e desaugue á rede de sumidoiros.
- c) Dispor de capacidade frigorífica suficiente para manter ás temperaturas establecidas pola normativa vixente a totalidade dos alimentos perecedoiros de consumo diario.
- d) A exposición de alimentos ao público sobre a barra ou mostrador farase coa protección axeitada: unha vitrina simple para os de consumo inmediato e unha vitrina frigorífica para os produtos perecedoiros de exposición estable ou prolongada.
- e) Os produtos de confeitaría, caramelos e outros que se presenten sen envolver non poderán estar ao alcance do público e disporán da protección ambiental adecuada.
- f) Vixiar o aseo e limpeza do persoal, así como do seu vestiario, e a pulcritude e hixiene do posto de venda.
- g) Será responsabilidade do titular de cada posto a perfecta limpeza do terreo colindante, coa recollida de toda clase de residuos.

14.3 No caso de incumprimento do establecido nos dous apartados anteriores, o Concello poderá penalizar a persoa adxudicataria coa clausura da actividade por un período de ata vinte e catro (24) horas.

15.-PROHIBICIÓNS

15.1 Ao montar e desmontar as instalacións e durante os diferentes períodos de vixencia da autorización queda totalmente prohibido:



- a) A utilización de animais en espectáculos, polo que se prohiben atraccións con animais.
- b) A emisión de sons a través das megafonías no recinto feiral cando se estea a desenvolver nas inmediacións calquera tipo de actividade organizada polo Concello ou con autorización deste.
- c) Montar a atracción/instalación antes de que a organización lle sinale a localización e os límites da súa parcela, así como exceder os límites da parcela adxudicada, e a modificación do emprazamento da actividade unha vez verificado.
- d) Invadir, pisar e/ou amorear materiais nas zonas verdes, así como ancorar nelas elementos de sustentación ou de apoio das atraccións ou dos seus accesorios.
- e) Estragar, arrincar ou pisar as especies vexetais existentes, así como despuntar, cortar ou desgarrar ramas de calquera tipo nas árbores e arbustos existentes.
- f) Cravar elementos punzantes así como colocar carteis, tomas de auga, instalar abrazadeiras ou calquera elemento de sustentación ou apoio sobre o arborado existente, así como cravar elementos punzantes no pavimento cando este non sexa de terra.
- g) A instalación de carros, caravanas e casetas de vivendas fóra dos lugares habilitados ao efecto.
- h) A colocación de máis dunha actividade dentro dos límites da parcela autorizada, ou de actividades non autorizadas e a venda de calquera produto non autorizado pola correspondente licenza.

15.2 O incumprimento dos puntos anteriores obrigará a persoa adxudicataria a compensar os danos e perdas ocasionados, de acordo coa valoración que efectúen os servizos municipais, e poderá ser penalizado coa perda de todos os dereitos de adxudicación, obrigando a levantar inmediatamente a instalación.

16.-INCUMPRIMENTOS

16.1 Serán considerados incumprimentos **LEVES**:

- a) Falsear as necesidades de subministración eléctrica.
- b) Non cumprir as ordes de organización.
- c) Causarlles molestias innecesarias á veciñanza.
- d) Uso abusivo da megafonía.
- e) Invadir, pisar e acumular materiais nas zonas verdes, así como, asir nelas calquera elemento de sustentación ou apoio.
- f) Estragar, arrincar ou pisar setos vexetais existentes, así como despuntar, cortar ou desgarrar ramas de calquera tipo nas árbores ou arbustos existentes.
- g) Cravar elementos punzantes, colocar carteis, instalar abrazadeiras, tomas de auga ou calquera elemento de sustentación ou apoio, sobre o arborado existente, así como cravar elementos punzantes no pavimento cando este non sexa de terra.
- h) O mal uso ou os estragos do mobiliario urbano, tal como bancos, papeleiras, fontes, bordillos etc.
- i) Trato desconsiderado ao público e persoas usuarias.
- j) A inobservancia da debida limpeza e decoro do posto.

16.2 Serán considerados incumprimentos **GRAVES**:

- a) Non observar as medidas de prudencia necesarias para salvagardar a seguridade,



hixiene ou sanidade das atraccións, ou postos.

- b) Non cumprir as ordes da organización cando se comprometa a seguridade, hixiene ou sanidade dos postos.
- c) Ocupar máis espazo do adxudicado ou darlle un destino distinto, así como ocupar un espazo distinto do adxudicado.
- d) A alteración dos prezos durante o período de celebración das festas.
- e) Montaxe anticipado sen permiso municipal.
- f) Permanencia no uso do posto máis alá do límite permitido.
- g) A comisión de dúas faltas leves durante un mesmo día.
- h) Retirada de postos ou atracción, abandonado no lugar de colocación lixo ou desperdicios.

16.3 Os incumprimentos leves sancionaranse cunha multa de ata 300 euros e os incumprimentos graves sancionaranse cunha multa de ata 600 euros.

As sancións anteriores entenderanse sen prexuízo de exixirle a persoa adxudicataria a compensación de danos e perdas causados, tanto ao patrimonio do Concello como ás persoas ou aos bens das persoas usuarias e deixar sen efecto, se procedese, a autorización outorgada.

17.-EXTINCIÓN

17.1 Causas de extinción das autorizacións outorgadas:

- a) Renuncia da persoa adxudicataria aceptada polo Concello cando non lle cause prexuízo ao propio Concello nin a outras persoas adxudicatarias.
- b) Falla do pagamento das taxas nos prazos establecidos.
- c) Non aboar os danos causados nin as sancións impostas.
- d) Se se comproba a existencia dunha causa sobrevida ou oculta que aconselle o peche do posto por comprometer a seguridade, hixiene ou sanidade das persoas usuarias, cando se deba a negligencia culpable ou a dolo da persoa adxudicataria.
- e) Negación reiterada da persoa adxudicataria a cumprir as ordes da organización cando comprometa a seguridade, hixiene ou sanidade das persoas usuarias.
- f) Incumprimento grave das obrigas da persoa adxudicataria.
- g) Mutuo acordo.

17.2 A extinción será acordada polo alcalde, sen prexuízo do trámite de audiencia a persoa adxudicataria por espazo de tres (3) días hábiles.

17.3 A extinción culpable dará lugar á incautación da fianza, de selo caso, á inhabilitación da persoa interesada para ser adxudicataria dun posto nestas festas durante os vindeiros 5 anos e a orde de levantamento ou retirada do posto, todo isto sen prexuízo de exixirle a persoa adxudicataria, ante as instancias xudiciais competentes, as responsabilidades a que houbera lugar.

18.-INTERPRETACIÓN

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos destas autorización para a ocupación do dominio público resolveranse polo órgano convocante da licitación, cuxos acordos porán fin a vía administrativa e contra eles terá lugar o recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora de dita xurisdición, despois da interposición previa, de ser o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da



interposición de calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren procedente.

19.-DISPOSICIÓN FINAL

Para todo o non disposto nos presentes pregos estarase ao recollido, tanto con carácter directo ou subsidiario, nas seguintes normas:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 13/2010, do 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia.
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.
- Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e constitúese o Rexistro de Empresas e Establecementos.
- Demais normativa que resulte de aplicación.

ANEXO I

LISTAXE DE POSTOS E TIPOS DE LICITACIÓN

A numeración, superficie e colocación dos postos relacionados neste anexo é indicativa, podendo variarse en función das dimensións e necesidades de espazo das atraccións que pretendan instalarse, e das decisións que adopte o concello de cara a compatibilizar o normal uso das vivendas e locais por parte da veciñanza e a instalación das atraccións e postos das festas.

A distribución dos postos será realizada de acordo coas instrucións impartidas polo concello así como respecto da súa montaxe e recollida.

A denominación das atraccións e postos é indicativa, debendo adaptarse en todo caso á superficie máxima dispoñible segundo o que se indica no seguinte cadro.

No caso de concorrer á licitación atraccións que non se instalaran o ano pasado, de non haber postos dispoñibles dos indicados nos planos, o concello poderá autorizar a súa instalación noutros espazos se o considera viable desde o punto de organización e ordenación das festas.



Neste caso o prezo de adxudicación fixarase directamente polo concello.

Os tipos de licitación son os seguintes:

A). POSTOS NA AVENIDA DA CONSTITUCIÓN: (TRAMO DE SUBIDA)

A numeración dos postos é a seguinte segundo o detalle que se contén nos planos que se unen a este prego:

Nº DENOMINACION	ATRACCIONES		PREZO MÍNIMO LICITACIÓN (€)
	DIMENSIONES GENERALES (m.)		
	LARGO (m.)	ANCHO (m.)	
1 HINCHABLE BOB ESPONJA (1)	14	11	1.036,80€
2 AUTOS CHOQUE JG	24,3	12,5	2.592,00€
3 DRAGÓN V.M.	16,5	9,5	1.296,00€
4 SALTAMONTES	17,3	13,92	2.160,00€
5 ROCK´N & ROLL	15,4	11,15	1.468,80€
6 CHU CHU TREN	14,6	13,8	1.555,20€
7 BABY CADENAS HINCHABLE BOB ESPONJA/PATRULLA	10,5	10,5	855,36€
8 CANINA	9,3	11,5	760,32€
9 TORITO VACILÓN	10,6	9,7	777,60€
10 BABY SPORT	9,5	9,5	777,60€
11 RALLYE	13	7	777,60€
12 SCALEXTRIC	11,5	8,5	855,36€
